

## HOMENAXE "A ESCRITORA NA SÚA TERRA" PARQUE MARILAR ALEIXANDRE

Apelarmos sempre, e hoxe especialmente, ao pé deste monólito que finca xa na terra deste novo espazo urbano socializador, ao teu nome de escritora, Marilar, á túa práctica lingüística, persoal e literaria, significa para nós pregoarmos contigo a voz en eco da razón da palabra orgullosa, que bica e sanda dos discursos censuradores e negadores que cómpremos ao descuberto, destaparmos das carautas envilecidas que, como mesta brétema anestesiante ou camufladora, continúan a acuñaren prexuízos lingüísticos disimulados en discursos falaces, cuxo único obxectivo intereseiro é afastaren de nós os nosos sons, a nosa morfosintaxe, a nosa semántica e os nosos acentos, aqueles que nos explican e sitúan na xeografía dos territorios e das linguas e no mar da identidade.

Non é preciso nacer nun país, nunha cidade, nunha aldea ou nun lugar, en semántica galega concreta para esta última voz, para querelo, para coñecelo, para entendela e para se integrar plenamente nel, porque, en palabras de Jorge Amado *a pátria de um cidadão é o lugar onde ele sua, chora e ri*.

Tampouco é preciso nacer nos bicos e nos aloumiños dunha lingua nai para adoptala como propia, voluntaria e conscientemente, para conxugala nos pensamentos e flexionala nos sentimentos da querenza e da emotividade comunitaria.

Aprender un idioma require unha vontade, unha necesidade, unha motivación. Aprender unha lingua minorizada, no seo da propia sociedade que a modelou ao longo dos séculos, agochada nas bocas acomplexadas ou amedrentadas, e vivificala desde a apropiación para a súa reinstalación na normalidade aínda hoxe procurada, require vontade determinante e firme, precisa conviccións, demanda compromiso vital.

E aínda máis, aprender un idioma como segunda lingua para escribir nela desde a súa raíz máis profunda precisa dunha outra necesidade humana moito máis fonda e reconciliadora, solidaria, construtivista, de irmandade, que nos coloca noutro plano superior persoal, humano e literario.

E entón chegamos a Marilar Aleixandre. Escoitámola e lémolala na lingua de noso que ela fixo tamén súa desde unha inmersión respectuosa e coherente. E agasállanos cunha linguaxe que nos recrea nos tempos idos e mais nos contemporáneos, que nos axuda a desandar o tempo á procura da palabra que existiu, si, e aínda existe, agardando por nós nunha furna dun cantil da Costa da Morte ou nun penedo mítico.

A túa voz trouxo para o galego obras de fóra para que, en palabras túas, a mesa non ficase coxa e modelou personaxes necesarios, inéditos, censurados e imprescindíbeis para hoxe podermos falar da literatura galega como un produto normalizado, moito máis desde logo do que a propia lingua que lle dá vida e alimenta.

E velaí a presenza de Emilia a abrírnos os ollos da necesidade de emancipación feminina ligada ás arelas do saber e do coñecemento; de Sofía e mais Lupe baténdose, desde o sufrimento interior, contra unha sociedade inculta, falsamente protectora, aparente, avergonzada, culpabilizadora do feble; da Carlota vencedora na longa carreira de superación dos clixés da imposta perfección estética feminina; as irmás Rosa e Harmonía unha neboenta mañá de outono saíndo cara a Rusia nun barco da desmemoria; ou da pequena Fa, a nena zurda, de estraño nome, determinada a se reencontrar por si mesma e aceptarse porque o

coñecemento e a aceptación do que somos, individual e colectivamente, nos leva ao orgullo. Porque nós mesmas sabemos que cómpre non fuxirmos, non, porque en palabra poética da sempre actual Rosalía de Castro anque fuxa /dun lugar a outro lugar, / de min mesma, naide, naide, / naide me libertará.

Todas elas referentes femininas protagonistas dunha realidade de territorios decretados que é preciso mudarmos socialmente e ás que a literatura non pode nin debe virar as costas.

Nenas, mozas, mulleres, princesas que queren ser raíñas, nais que queren pensar, opinar, ser alternativa, disuadir do preestabelecido por esas derrotas domésticas, planificadas sempre por outros, que agochan impotencias femininas, silencios oprimidos por sacrificios mudos adobiados entre tixolas.

Agradecemos e reivindicamos hoxe o compromiso de visibilización da escritora Marilar Aleixandre para coa lingua e a literatura galega, para con aquelas personaxes que existen e non sempre sabemos ollar, porque non sempre nos aprenden máis aló da mirada única que sempre foi, orientados por unha tradición estereotipada, e mais para con aquelas liñas temáticas renovadoras e revulsivas que, na súa voz, acrecentan a dimensión das nosas letras colocándoas no mundo da lectura e da literatura noutras linguas alleas, nesas traducións necesarias que, como follas voandeiras, levan canda si un anaquiño de nós e da(s) nosa(s) particular(es) mirada(s).

Agradecidos e agradecidas estamos a ti, Marilar, por nos permitires entrar nos teus territorios e nos teus sonhos.

Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega  
5 de xuño de 2010